

Recurso nº 102/2018**Resolución nº 90/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 15 de outubro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por J.M.A.F. actuando en nome e representación do SINDICATO SECTORIAL DE SEGURIDAD DE LA FEDERACIÓN DE SERVICIOS, MOVILIDAD Y CONSUMO DE GALICIA da UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES contra os pregos reitores da licitación dun contrato de servizo de vixilancia, seguridade e control de accesos nas instalacións da Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA), expediente DT-18-02, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con publicación no DOUE en 08.08.2018 e na Plataforma de Contratación do Sector Público o 03.08.2018, convocouse a licitación do contrato de servizo de vixilancia, seguridade e control de accesos nas instalacións da Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA), expediente DT-18-02, cun valor estimado declarado de 1.830.000 euros.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais (LCSE, en adiante).

Terceiro.- En data 01.10.2018 o SINDICATO SECTORIAL DE SEGURIDAD DE LA FEDERACIÓN DE SERVICIOS, MOVILIDAD Y CONSUMO DE GALICIA da UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES interpuxo recurso especial en materia de contratación, que se recibiu no TACGal o 08.10.2018.

A impugnación presentada baséase en que os criterios de adxudicación desta contratación non inclúen ningún criterio social e que os criterios relacionados coa calidade teñen que se representar ao menos un 51 % da puntuación, segundo o artigo 145 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do sector público.

Cuarto.- O mesmo 08.10.2018 reclamouse o expediente administrativo e o informe referido no artigo 105.2 LCSE. A documentación recibíuse neste Tribunal o día 10.10.2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 2 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- Segundo o artigo 115 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, de aplicación supletoria ao abeiro do art. 105.1 LCSE, o erro na cualificación dun recurso polo recorrente non impedirá a súa correcta tramitación.

Neste sentido, ao recurso interposto correspóndelle a natureza de reclamación en materia de contratación a tramitar conforme os artigos 103 e seguintes da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e tamén, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A reclamación interponse contra os pregos nun contrato de servizos cun valor estimado de 1.830.000 euros, polo que a reclamación presentada é admisible ao abeiro do artigo 16 e 101 LCSE.

Cuarto.- Para poder proseguir nesta reclamación é necesario determinar se a reclamación foi interposta en prazo, para o que debemos acudir ao artigo 104.2 LCSE:

“Artículo 104. Iniciación del procedimiento.

2. El procedimiento se iniciará mediante escrito que deberá presentarse en el plazo de quince días hábiles, a contar desde el siguiente al de la publicación en su caso de la licitación del contrato en el «Diario Oficial de la Unión Europea» cuando se interponga contra dicha licitación, desde que se anuncie en el perfil de contratante del órgano de contratación o desde que los licitadores tengan conocimiento de la infracción que se denuncia.”

O informe do órgano de contratación solicita que se declare inadmisibile o recurso por interposición fóra de prazo.

Vistas as datas de publicación desta licitación, e en definitiva dos pregos, descritas no antecedente primeiro desta Resolución, a interposición desta reclamación excede claramente dese prazo dos 15 días (prazo de 15 días igual ao previsto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público), polo esta impugnación é extemporánea e procede declarar a súa inadmisión ao abeiro do artigo 22.2 do Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, sen necesidade de abordar outros debates.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** a reclamación interposta polo SINDICATO SECTORIAL DE SEGURIDAD DE LA FEDERACIÓN DE SERVICIOS, MOVILIDAD Y CONSUMO DE GALICIA da UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES contra os pregos reitores da licitación dun contrato de servizo de vixilancia, seguridade e control de accesos nas instalacións da Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA), expediente DT-18-02.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 106.5 LCSE.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.